

INFORME DA COMISIÓN DE ECONOMÍA DO CONSELLO SOCIAL.

INFORME AUDITORÍA EXERCICIO 2008.

USC

Proposta de Informe da Comisión de Asuntos Económicos ao Pleno

Ao igual que xa ten feito o Consello Social respecto da Auditoría dos anos 2002, 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007 recóllense de seguido a propostas de conclusións da Comisión de Economía sobre o Informe de Auditoría do Exercicio 2008, para a súa análise e, no seu caso aprobación polo Pleno.

De novo consideramos oportuno destacar a corrección por parte da USC no 2008 das incidencias postas de manifesto en exercicios anteriores, seguindo en gran medida as propostas e consideracións realizadas polo propio Consello Social. A comparación das salvedades referidas ao 2008 amosan unha progresiva diminución, moi significativa tanto en número como en alcance das mesmas.

Analizamos de seguido cada unha das salvedades incluídas no informe.

3.- Esta salvedade constitúe de novo unha limitación de alcance e repítese respecto de anos anteriores. Á marxe de que sería necesario un estudo actuarial para efectuar unha cuantificación do custo previsible por este concepto nos vindeiros anos, non semella oportuno bloquear recursos orzamentarios para facer fronte a estes premios futuros. No capítulo de gastos de persoal de cada exercicio dótanse as partidas coas previsións de gasto para cada exercicio. Os gastos por este concepto non son de contía moi elevada -50 mil euros no ano 2006 e 123 mil euros no 2007-. En todo caso, a USC dotou previsións por este concepto por importe de 69 mil euros.

No exercicio anterior dende o Consello Social se propuxo a realización dun estudo actuarial que se desbotou polo elevado custo. Asíse o compromiso de tentar facelo con medios propios -estudio investigación-, para acreditarla dotación do exercicio seguinte.

COMENTARIO XERAL SOBRE AS PROVISIÓNS

*Os organismos públicos están suxeitos na súa actividade económica a un orzamento aprobado e rexistran as súas operacións cos mecanismos da contabilidade orzamentaria e da contabilidade financeira mediante o envorcado automático da anterior que se completa realizando asentos por aquelas operacións que non se xeran automaticamente na execución orzamentaria: en concreto as amortizacións, previsións, axuste de valores patrimoniais, etc.. Nas limitacións que indican os auditores fan referencia ao tema de **provisións**, que se reflicten na contabilidade financeira pero que na orzamentaria só terían cabida reservando cada ano unha parte do gasto coa finalidade de crear un fondo para previsións o que suporía un bloqueo dos recursos correspondentes. Non parece lóxico realizar esta operativa e si contemplar no orzamento de cada exercicio os gastos previstos para a cobertura das continxencias previstas para este período polos motivos antes mencionados, aínda que realmente poidan ter a súa orixe en exercicios anteriores. Financeiramente si poderíamos dotar as previsións, e así o estamos a facer nos conceptos máis significativos, pero o importante é dotar os recursos necesarios no orzamento de cada exercicio.*

4.- As obrigas referidas neste epígrafe correspóndense con facturas que se aboan nun ano posterior ao da súa emisión, tendo a súa orixe, principalmente, no proceso de peche do exercicio que implica que facturas que se tramitan fora dos prazos establecidos -14 decembro para a maioría-, se imputen ao exercicio seguinte. Debemos de ter en conta que a meirande parte destas débedas páganse con créditos que tamén se incorporan ao exercicio seguinte.

5. Esta salvedade ten un signo positivo e débese a unha posición de prudencia adoptada pola USC respecto da dedución do IVE soportado. Neste intre, e trala confirmación por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria dos criterios aplicados pola USC en relación coa dedución do IVE soportado, procederase a regularizar esta situación no peche do exercicio.

Polo que respecta ás auditorías das sociedades mercantís nas que participa a USC (Unixest, Uninova, Unidixital, Galeras Entrerios, Unirisco e Cursos Internacionais) ningunha presenta salvedades nos seus respectivos informes.